



PLAN DIXITAL

IES PEDRO FLORIANI

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES PEDRO FLORIANI

Rua Pedro Floriani, nº2 26800, Redondela

Correo: iespedrofloriani@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedrofloriani/>

Etapas Educativas:

- ESO
- Bacharelato
- Ciclo Básico
- Ciclo Medio
- Ciclo Superior

Alumnado: 430

Profesorado: 56

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro acolle alumnado procedente dos arredores de Redondela, maioritariamente do ámbito rural cun nivel socioeconómico medio. Centros adscritos ao instituto: CEIP de Porto Cabeiro e CEIP de Santo Paio de Abaixo.

O Instituto de Ensinanza Secundaria “PEDRO FLORIANI” de Redondela é un centro rural de pequenas dimensións no referente a número de alumnos (Este curso temos un total de 443) pero moi diverso e amplo no referente a ensinanzas que se imparten: ESO, Bacharelato, ciclos formativos de grao medio de Instalacións de Telecomunicación e de Xestión Administrativa e de grao superior de Administración e Finanzas, FP Básica de Electricidade e Electrónica e de Servizos Administrativos, Educación de Secundaria Adultos (ESA), ademais de albergar nas súas instalacións unha Escola Oficial de Idiomas.

O Plan Dixital contribúe ao plan educativo na implantación de medidas de mellora para a incorporación e adaptación dos medios tecnolóxicos no desenvolvemento educativo do alumnado. En concordancia con este proxecto, no IES Pedro Floriani contamos co Plan TIC e Edixgal, os cales se centran na xestión e desenvolvemento dos ordenadores e sistemas informáticos, así como a adaptación e mellora das entornas virtuais do centro. Por outro lado, contamos cun programa de Dinamización do Traballo Colaborativo, ao que se podería incorporar parte dos elementos a incluír neste proxecto dixital.

En relación coa Programación Xeral Anual, no transcurso dos próximos anos realizaranse actuación de formación e implementación de sistemas actualizados dixitais os cales mellorarán e facilitarán o desenvolvemento das actividades habituais de centro e a cooperación do entorno educativo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Dende o Equipo de Dinamización do Plan Dixital elaboramos a enquisa do SELFIE coas características que consideramos mais relevantes segundo o noso alumnado e entorno e fomentamos ao alumando e profesorado a elaboración destas enquisa para así acadar unha porcentaxe suficiente de resultados que nos facilitaran información para a detención de necesidades.

Trala realización do SELFIE, recopilamos os datos concretos e fixemos unha estimación de cales consideramos que serían as necesidades mais relevantes e mais urxentes para os próximos anos.

Por outra banda, e coa finalidade de recoñecer os coñecementos específicos en formación dixital cos que conta o noso profesorado, enviamos e recopilamos a información do informe CDD, a través do que revisamos cales serían as necesidades formativas a nivel docente.

Unha vez finalizados os dous informes anteriores, toda a información foi trasladada a unha plantilla de datos, na que se realizou a parametrización dos datos totais recadados, inserimos os resultados concretos en función das preguntas que se realizaron e decidimos por cada pregunta que se respondeu nas enquisas,

cales se poderían considerar ameazas ou debilidades ou fortalezas e oportunidades, diferenciando tamén as etapas educativas e ao equipo directivo e ao profesorado.

O estudo do entorno a través destas enquisas permitiunos realizar unha comparativa coa que decidir cales son os elementos positivos e negativos do noso centro e así actuar en consecuencia coa realización do análise DAFO.

Realizáronse accións de recoñecemento de necesidades específicas, as cales se plasmaron nos obxectivos e creouse unha primeira versión do Plan Dixital para a implantación futura do mesmo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A infraestrutura dixital do centro consta de conectividade a través de redes wifi en todo o centro e ordenadores de sobremesa en todas as aulas, na sala de profesores, departamentos das diferentes materias, administración, despachos e conserxería.

Non contamos con infraestruturas de voz polo momento, aínda que estase a considerar a posibilidade de incorporar un sistema de avisos por megafonía.

- Tódalas aulas contan, a lo menos, cun ordenador con acceso a internet para o profesor.
- O alumnado de 1º, 2º 3º e 4º da ESO conta con equipos E-Dixgal facilitados pola Consellería.
- Contamos con dúas aulas informatizadas que poden utilizar tódolos cursos que o precisen para desenvolvemento de actividades formativa.
- A biblioteca conta con 8 ordenadores de uso libre para o alumnado.
- Os ciclos formativos están todos informatizados, e todo o alumnado ten ordenador con acceso a internet propio co que traballar diariamente.
- O IES conta tamén con 7 ordenadores portátiles en pleno funcionamento que poden ser utilizados polo persoal do centro cando precisen e algún a maiores sen frecuencia de uso.
- Na aula específica de tecnoloxía cóntanse con elementos formativos dixitais concretos como pode ser unha impresora 3D.

En relación cos servizos dixitais o centro conta con:

- Páxina web
- Aula virtual
- Agueiro (en proceso de implantación)
- Espazo Abalar
- Abalarmóbil
- E-Dixgal (cursos da ESO)

O mantemento do equipamento do centro lévase a cabo a través da empresa Tirel.

ORDENADORES	Tipo de ordenador	Ordenadores de sobremesa		231
		Ordenadores portátiles	Equipamento Abalar/Edixgal	182
			Non Abalar/Edixgal	44
		Tabletas		0
	Ordenadores por localización	Aulas de informática		40
		Aulas de referencia	Aula Abalar/Edixgal	163
			Outras aulas	216
		Xestión de centro		9
		Noutras dependencias		21
		Sen localización		8
EQUIPOS INFORMÁTICOS	Encerados interactivos			16
	Proxectores			30
	Fotocopiadoras			2
	Impresoras en rede			12
	Impresoras locais			11
	Accesos wifi			8
	Armarios de carga de portátiles			2
CONEXIÓN A INTERNET	Radioenlace	500MB		

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,2	2,9	3	
	Profesorado		3,2	2,8	3,2	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,2	2,9	2,6	
	Profesorado		2,5	2,3	3,4	
	Alumnado		3,4	2,5	2,6	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,6	3,6	3,4	
	Profesorado		3,3	2,7	3,6	
	Alumnado		3,6	2,9	3,3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,6	3,5	3,4	
	Profesorado		3,3	3,2	3,1	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,9	3,5	3,7	
	Profesorado		4,1	3,8	4	
	Alumnado		4	3,7	4	

F- Pedagogía: Implementación na	Equipo Direct.		3,5	3,3	3,2	
	Profesorado		3,4	3,1	3,5	
	Alumnado		3,5	3,5	3,3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,2	3,3	3	
	Profesorado		2,9	2,5	3,3	
	Alumnado		3,3	2,6	2,9	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,4	3,2	3,2	
	Profesorado		3,2	3	3,5	
	Alumnado		3,7	3,2	3,3	

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	28	37	75,7%
PROVISIONAL	8	9	88,9%
INTERINO	2	6	33,3%
SUBSTITUTO	4	6	66,7%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83	<u>Integrador (B1)</u>	76,4	<u>Integrador (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	84,8	<u>Integrador (B1)</u>	79,2	<u>Integrador (B1)</u>
BAC	88,6	<u>Integrador (B1)</u>	77,9	<u>Integrador (B1)</u>
F.P	82,4	<u>Integrador (B1)</u>	80,3	<u>Integrador (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	4,8%
A2	14	33,3%
B1	11	26,2%
B2	7	16,7%
C1	7	16,7%
C2		
TOTAL	41	97,7%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. Contamos con infraestructura dixital e acceso a internet</p>	<p>1. Falta de espazos para o desenvolvemento da oferta educativa</p> <p>2. Uso de tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións</p> <p>3. Falta de medios para que os alumnos manexen os seus dispositivos dixitais persoais no centro</p> <p>4. Nos cursos que non teñen Edixgal non se facilitan portátiles para que os alumnos e docentes os usen fora do centro</p> <p>5. Proxectores non actualizados e dan erros de visualización</p>

<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>1. Apoio do centro para a implantación de ensinanzas con tecnoloxías dixitais</p> <p>2. Fomento do profesorado da participación do alumnado en proxectos dixitais</p> <p>3. O profesorado busca recursos dixitais educativos</p>	<p>1. Falta de formación en normas de propiedade intelectual e dereitos de autoría, protección de datos, software libre etc.</p> <p>2. Falta de procedementos de avaliación dixitais, ou falta de coñecemento sobre os medios dispoñibles</p> <p>3. Falta de uso de entornas virtuais de aprendizaxe</p> <p>4. Falta dun perfil individual nos ordenadores no que poder acceder aos contidos de cada docente de maneira confidencial</p>
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>1. Acceso a elementos informáticos necesarios para o desenvolvemento das funcións</p>	<p>1. Formación en uso de programas informáticos</p> <p>2. Acceso a ferramentas de xestión de centro propias para o persoal non docente</p>
<p>ALUMNADO</p>	<p>1. Boa comunicación co persoal do centro en relación co uso das tecnoloxías para o aprendizaxe</p> <p>2. Uso de plataformas en liña para facilitar o aprendizaxe</p> <p>3. Uso de aula virtual ou EVA para o seguimento</p>	<p>1. Comunicación co alumnado sobre as experiencias de uso das tecnoloxías.</p> <p>2. Falta de acceso a internet nalgunhas situacións por problemas na rede</p> <p>3. Falta de coñecemento sobre a fiabilidade e precisión da información que obteñen de internet</p> <p>4. Falta de acceso de balde a materiais para a formación complementaria en Edixgal (ex. Libro de exercicios). O contido de Edixgal é insuficiente e en ocasión de baixa calidade</p>

	FAMILIAS	<p>1. Contamos con medidas para identificar as situacións de fenda dixital nas familias</p> <p>2. Uso habitual da plataforma Abalar para informar ás familias</p>	<p>1. Falta de equipamento por parte de algunhas familias para o desenvolvemento da actividade educativa a nivel dixital.</p>
	OFERTA		<p>1. A oferta formativa relacionada con ofimática e medios dixitais vese afectada pola falta de espazos físicos para o seu desempeño</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. Debátese sobre a ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>2. Os espazos actuais do centro facilitan a utilización de medios dixitais</p> <p>3. O centro difunde información e facilita o seguimento da actividade a través de servizos dixitais corporativos</p>	<p>1. Falta de formación na utilización de programas de libre office</p> <p>2. Falta de formación en materia de dereitos de autor e licencias de uso</p> <p>3. Falta de espazos para o desenvolvemento dalgunhas materias cos dispositivos dixitais requiridos</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Uso dos programas informáticos para a xestión do alumnado</p> <p>2. Facilitar a comunicación coas distintas entidades públicas ao dixitalizar a documentación</p>	<p>1. Programa MEIGA complexo e sen actualizacións xerais</p> <p>2. Falta de optimización das ferramentas organizacionais como XADE, correo, etc para as necesidades do centro</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1. Adaptación do curriculum a tecnoloxía</p> <p>2. Intento de financiación do Plan Dixital</p> <p>3. Previsto acceso aos portátiles por parte do alumnado</p>	<p>1. Cambio continuo de lexislación educativa</p> <p>2. Cambio nas avaliacións</p> <p>3. Falta de difusión das novas normativas e formación nas mesmas</p>

	CONTORNA	1. Uso das tecnoloxías facilitar a transparencia coas familias e desenrolar unha comunicación bidireccional mais fluída	1. Necesidade de ofrecer medios para as familias que non poden permitirse o acceso aos mesmos 2. Falta de fondo libros para o acceso dos alumnos a material dixital diferente ao ofertado por Edixgal, xa que o material que ofrece Edixgal é moi limitado.
	ANPA		1. Non temos ANPA
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

O Plan de Acción desenvólvese cos recursos materiais cos que conta o centro neste momento. Por outro lado, solicitaranse accións formativas para o desenvolvemento das capacidades dixitais dos membros do centro.

Realizarase unha unha investigación a principio de curso por si fora preciso a ampliación de material dixital e no caso de fenda dixital realizaranse as acción necesarias para evitar que o alumnado non conte con material dixital apropiado.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos concretos de centro desenvólvense nos cadros a continuación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No contexto da realización dos obxectivos específicos dixitais dentro do marco dos requirimentos do Plan Dixital establecemos, previo ao desenvolvemento preciso desde obxectivos, as necesidades de mellora:

- Establecemento dun sistema de megafonía para o centro
- Mellora da conectividade xeral por wifi, coa finalidade de asegurar unha conectividade estable e constante tendo en conta a implantación dos ordenadores E-Dixtal e a necesidade de conectividade de unha gran cantidade de ordenadores ao mesmo tempo.
- Servizo dixital educativo para a mellora das capacidades docentes en temas de aula virtual, E-Dixgal, etc.
- Servizo de mellora dos ordenadores do centro que se utilizan por diferentes persoas para personalizar e evitar fendas de seguridade.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Áreas de mellora": D- Desenvolvemento Profesional continuo						
1. OBXECTIVO (1):	Promover o uso xeneralizado da Aula Virtual por parte do claustro				Acadado	
RESPONSABLE:	Sara Reboiras				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Mais do 80% utiliza eficazmente e habitualmente a Aula Virtual					
Valor de partida (3)	Aproximadamente o 45% do claustro coñece perfectamente e consegue a maior rentabilidade da Aula Virtual					
Valor previsto e data (4)	Mais do 80% dos docentes con Aulas Virtuais eficaces			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo para o recoñecemento das necesidades formativas	Equipo Plan Dixital e E-Dixgal	1º trimestre 22-23	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Determinar a formación necesaria e resolver dúbidas	Grupo de traballo	2º trimestre 22-23	Formación e apoio individual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Ofrecer a formación precisa e revisar as melloras das Aulas Virtuais e a súa eficacia.	Grupo de traballo	3º trimestre 22-23	Revisión das AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Áreas de mellora": C- Infraestructuras e Equipos						
2. OBXECTIVO (1):	Equipamento para familias en situación de fenda dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Todo o alumnado con acceso a entorno virtual de aprendizaxe					
Valor de partida (3)	Parte das familias do alumnado, non E-Dixgal, non contan con equipos informáticos propios e Internet					
Valor previsto e data (4)	Todo o alumnado con posibilidade de acceso a equipos informáticos e Internet			Previo ao comezo do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Elaboración dun estudo para recoñecer necesidades das familias	Dirección do centro	1º trimestre 22-23	Estudo de recoñecemento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Determinar as ferramentas necesarias para ofrecer equipos	Dirección do centro	1º trimestre 22-23	Ferramentas de oferta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Ofrecer equipos informáticos ás familias en situación de fenda dixital	Dirección do centro	1º trimestre 22-23	Consentimento coas familias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": H- Competencias dixitais do alumnado						
3. OBXECTIVO (1):	Desenvolvemento de actividades de formación en normativa de propiedade intelectual e dereitos de autoría				Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento de orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Coñecemento e uso adecuado dos programas e elementos de Internet en relación coas normativas existentes					
Valor de partida (3)	Alumnado e profesorado non recoñece as características do cumprimento das normativas					
Valor previsto e data (4)	Alumnado e profesorado con coñecemento sobre normativas			Remate do curso 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Elaboración un informe coas necesidades de centro e crear un equipo de traballo	Equipo de traballo	1º trimestre 22-23	Estudo de recoñecemento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Determinar as ferramentas e formación necesaria para informar sobre as normativas	Equipo de traballo	Curso 2022-2023	Formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Informe cos coñecementos adquiridos	Equipo de traballo	Curso 2023-2024	Informe de mellora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": E- Pedagogía:Apoio e Recursos						
4. OBXECTIVO (1):	Falta de acceso gratuito a materiais para a formación complementaria en Edixgal				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Acceso gratuito a materiais para formación					
Valor de partida (3)	O contido Edixgal é insuficiente e en ocasións de baixa calidades					
Valor previsto e data (4)	Conseguir material gratuito e de calidade			Indefinido		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar concretamente os materiais mais precisos	Equipo de traballo	1º trimestre 2023	Informe cos materiais precisos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitud de ás Administracións de materiais gratuitos complementarios	Equipo de traballo	1º trimestre 2023	Solicitud de ás Administracións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Informe cos materiais recibidos	Equipo de traballo	Indefinido	Recepción dos materiais por parte Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": G- Prácticas de avaliación						
5. OBXECTIVO (1):	Fomento dos procedementos de avaliación dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Conxita López				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso da avaliación dixital					
Valor de partida (3)	Falta de coñecemento sobre os medios de avaliación dixital					
Valor previsto e data (4)	Utilización sistemática de procedementos de avaliación dixital			Inicio do curso 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun equipo de traballo en formación de medios de avaliación dixital	Equipo de traballo	1º trimestre 2023	Convocatoria e acta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación nas ferramentas de avaliación dixital	Equipo de traballo	Curso 2022-2023	Actas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Informe coas melloras alcanzadas e a satisfacción do profesorado coa formación	Equipo de traballo	Inicio do curso 2023-2024	Informe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": F- Pedagogía: Implementación na aula						
6. OBXECTIVO (1):	Promoción da alfabetización dixital na comunidade educativa				Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento de orientación e coordinación TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso adecuado das ferramentas dixitais dispoñibles para familias e alumnado					
Valor de partida (3)	Falta de coñecemento sobre os medios dixitais dispoñibles					
Valor previsto e data (4)	Utilización sistemática de medios dixitais			Fin curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Recopilación de información sobre necesidades formativas da comunidade educativa	Departamento de orientación	1º trimestre 2022	Informe coas necesidades da comunidade educativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación nas ferramentas dixitais	Equipo de traballo	Curso 2022-2023	Formación en ferramentas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Informe coas melloras alcanzadas e a satisfacción da comunidade educativa	Equipo de traballo	Fin do curso 2022-2023	Informe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": A -Liderado						
7. OBXECTIVO (1):	Dotación de espazos de formación específicos				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Espazos para formación específica					
Valor de partida (3)	Falta de espazos no centro para formación específicas e aulas					
Valor previsto e data (4)	Creación de espazos			Fin curso 2023-2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Información á Consellería e Inspección das necesidades	Dirección	1º trimestre 2023	Informe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Informe sobre os requerimentos precisos	Dirección	Curso 2023-2024	Informe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización de obras no centro	Consellería de educación	Fin de curso 2023-2024	Informe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": B- Colaboración e redes							
8. OBXECTIVO (1):	Creación de escritorios e perfiles individuais para cada membro do claustro					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e coordinadora Plan Dixital					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación de perfiles						
Valor de partida (3)	Non contamos con perfiles individuais						
Valor previsto e data (4)	Creación de escritorios e perfiles do persoal				Fin do curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Valoración das posibilidades de creación de perfiles individuais	Dirección	Inicio do curso 2022-2023	Información		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2:Contratación dos servizos para a implantación dos perfiles	Dirección	Durante o curso 2022-2023	Contratación		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Información e adaptación do claustro	Coordinadora Plan Dixital	Final de curso 2022-2023	Información e formación		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliación intracurso dos obxectivos propostos realizarase unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final realizarase unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será incorporado aos plans de acción do centro, sendo publicado na páxina web para que toda a comunidade educativa teña acceso a el e informarse pormenorizadamente a todo o claustro para que poidan transmitir a información a o alumnado de cada curso dunha maneira mais persoal e directa.

O profesorado que forma parte da coordinación do Plan Dixital estará a disposición de calquera persoa que precise información adicional e tramitará as suxestións e consultas que xurdan durante o curso.